



PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2026]

PROGRAMA V. CONCILIACIÓN DAS PERSOAS AUTÓNOMAS

Axuda para apoiar a conciliación da vida familiar e laboral de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que desenvolvan a súa actividade en Galicia

Prazo aberto das 9:00 h
do 11 de febreiro ata
as 20:00 horas do 30
de setembro de 2026

Orzamento
750.000 €



Persoas beneficiarias

- » Persoas traballadoras dadas de alta no RETA, en calquera outro réxime especial por conta propia ou mutualistas.
- » As persoas membros de sociedades mercantís, laborais e civís e comunidades de bens, a título individual.

- + Que teñan domicilio fiscal en Galicia.
- + Que desenvolvan a actividade en Galicia.

Exclúense as persoas socias de sociedades cooperativas, persoas autónomas colaboradoras e persoas traballadoras autónomas administradoras que non teñan parte na sociedade.



Contía dos apoios das tres liñas

Bono Autónomo Concilia I

Durante a duración indicada na comunicación da contratación e polo período de duración da baixa

1.100 €
por mes completo

8.800 €
Importe máximo

Transformación do contrato de substitución en indefinido unha vez rematado o período de descanso

7.500 €

9.000 €
Para os colectivos

Para contratos a tempo parcial (mínimo 50 %) ou inferiores a 1 mes, será proporcional ao tempo de traballo.

Bono Autónomo Concilia II

Contrato indefinido realizado para o coidado de menores, maiores e/ou con discapacidade ou dependencia

7.500 €

9.000 €
Para os colectivos

Para contratos a tempo parcial (mínimo 50 %), a contía será proporcional ao tempo efectivo de traballo.

Bono Autónomo Concilia III

O 75 % do custo do centro ou servizo de coidado contratado en centros emprazados en Galicia

3.000 €
máximo

Para **menores** poden incluírse os servizos de coidado durante **vacacións escolares**, os que sexan **fóra do horario escolar** no período lectivo e os **gastos de comedor** no centro escolar, sempre que se **detallen** como tales na factura.

As 3 liñas
son compatibles
entre si

- Muller
- Menores de 30 anos
- Paro longa duración
- Maiores de 52 anos
- Con discapacidade
- Situación ou risco exclusión
- Emigrantes retornadas
- Estranxeiras

NON ACUMULABLES





PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2026]

PROGRAMA V. CONCILIACIÓN DAS PERSOAS AUTÓNOMAS



Accións subvencionables

Bono Autónomo Concilia I

Contratos/servizos
entre o 1/10/2025 e
o 30/09/2026

Contratación dunha persoa** desempregada para:

- » Substitución por maternidade ou paternidade, unha vez iniciado o período de descanso por nacemento, adopción ou acollemento, e durante a duración do mesmo.
- » Substitución da traballadora autónoma no caso de baixa por risco durante o embarazo ou a lactación, e pola duración da dita baixa.



Incentivo á contratación indefinida coa mesma persoa contratada por substitución unha vez rematado o período de descanso por nacemento, adopción ou acollemento, sempre e cando se realice nun período.

No caso de autónomas embarazadas ou persoas autónomas en proceso de adopción, o contrato de substitución será subvencionable ata dous meses antes do inicio do seu período de descanso, co fin de posibilitar a transferencia do coñecemento que posibilita o mantemento da actividade.

Bono Autónomo Concilia II

- » Contratación indefinida dunha persoa** desempregada para o coidado de menores e/ou maiores e/ou persoas con discapacidade ou dependencia.

**Exclúense contratos con cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes ata o segundo grao inclusive da persoa solicitante (salvo excepcións previstas na convocatoria).

Para os Bonos Concilia II e III deberá acreditarse a relación de parentesco ata 2º grao ou convivencia como mínimo de 3 meses anteriores á solicitude (excepto menores acollidos)

Bono Autónomo Concilia III

- » Contratación dun centro emprazado en Galicia ou do servizo de coidado de persoas menores, maiores e/ou persoas con discapacidade ou dependencia (graos I, II e III).



Documentación complementaria a presentar xunto coa solicitude

Bono Autónomo Concilia I

- » Resolución da Seguridade Social na que se indique o período de descanso por nacemento, adopción ou acollemento.
- » Informe de vida laboral do Código Conta Cotización correspondente ao mes da contratación (ou da transformación en indefinido do contrato) da persoa traballadora pola que se solicita a subvención.

Bono Autónomo Concilia II

- » Informe de vida laboral correspondente ao mes no que se realice a contratación da persoa traballadora pola que se solicita a subvención.
- » Contrato de traballo.
- » No caso de coidado de menores, acreditación de parentesco (libro de familia ou certificado do Rexistro Civil) ou resolución de acollemento.
- » No caso de coidado de persoas maiores, con discapacidade ou dependencia, acreditación de parentesco ata segundo grao.
- » Certificado de discapacidade ou dependencia, se é o caso.

Bono Autónomo Concilia III

- » Documento acreditativo do custo da mensualidade do centro ou do servizo.
- » No caso de menores, documento acreditativo do horario do centro escolar, e acreditación do parentesco ou resolución de acollemento.
- » No caso de coidado de persoas maiores, con discapacidade ou dependencia, acreditación de parentesco ata segundo grao.
- » Certificado de discapacidade ou dependencia, se é o caso.

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

